

**RESOLUCIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2012 POLO QUE SE ANULAN CURSOS DE LINGUAXE XURÍDICO GALEGO PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA E OUTROS COLECTIVOS RELACIONADOS COA XUSTIZA QUE PRESTEN SERVIZOS DENTRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

Mediante Resolución do 22 de marzo de 2012, publicada no DOG nº 60, do 27 de marzo, convocáronse cursos de linguaxe xurídico galego para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza e outros colectivos relacionados coa Xustiza que presten servizos dentro da Comunidade Autónoma.

Na base novena a) da Resolución do 22 de marzo de 2012 establécese o seguinte:

“Novena.- Facultades da EGAP

a) A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña esixido por circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.”

A diminución nas transferencias de financiamento á Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de formación para o emprego nas administracións públicas e de acordo coa política orzamentaria, que implica o necesario equilibrio entre ingresos e gastos, esixe nestes momentos efectuar un axuste nos créditos asignados inicialmente á Escola Galega de Administración Pública, de acordo co principio de austeridade que preside a xestión do gasto público.

En consonancia co exposto no parágrafo anterior, e co obxectivo de cumprir a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e déficit público,

**RESOLVO**

Anular as edicións dos cursos que se relacionan no Anexo desta resolución convocados por Resolución do 22 de marzo de 2012

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2012.

 O DIRECTOR DA EGAP  
  
Pablo Figueroa Dorrego



ANEXO

CÓDIGO	NOME DO CURSO	EDICIÓN	DATA
FX12010	Superior de Linguaxe Xurídico Galego	T02	17/09 ao10/11/2012
FX12010	Superior de Linguaxe Xurídico Galego	T03	24/09 ao17/11/2012